

A resolución reitoral do 20 de abril de 2012 actualiza a resolución do 22 de xullo de 2009 de recoñecemento de créditos de libre elección por estudos de idiomas, incluíndo os títulos recollidos no anexo do acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de estudos de idiomas nos graos (acordo de 22 de decembro de 2011).

No anexo da resolución reitoral do 20 de abril de 2012 incluíronse, por erro, os cursos de idiomas acreditados polo Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, das Escolas Oficiais de Idiomas e da Alianza Francesa. Estes cursos xa estaban incluídos no anexo do acordo do Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005 (publicado por resolución reitoral do 24 de xuño de 2005).

E conveniente ademáis, aclarar o procedemento para o recoñecemento dos títulos ou diplomas aos que fai referencia o apartado 3º da resolución reitoral do 20 de abril de 2012.

Polo exposto,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Modificar o anexo da resolución reitoral do 20 de abril de 2012 suprimindo a referencia aos Cursos acreditados polo Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, das Escolas Oficiais de Idiomas e da Alianza Francesa.

O recoñecemento destes cursos ríxese polo regulado no anexo da resolución reitoral de 24 de xuño de 2005.

**SEGUNDO.-** O recoñecemento dos títulos ou diplomas aos que fai referencia o parágrafo terceiro da resolución reitoral do 20 de abril de 2012 solicitarase na Unidade de Xestión Académica correspondente a titulación que estea cursando o interesado.

No caso de que o título aportado, ou a equivalencia dos niveis de idioma acreditados para o recoñecemento, plantexe alguna dúbida a Unidade de Xestión Académica solicitará informe ao Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela. A proposta de resolución farase no senso do informe recibido.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2012



O REITOR

Juan J. Casares Long